

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais de Pontevedra, dictou a seguinte **RESOLUCION**:

**ASISTENTES**

**PRESIDENTE**

D. José Luis Díez Yáñez.  
(Delegado Provincial da Consellería de Medio Ambiente).

**VOCAIS**

D. Luis Mª Muiños Vidueira.  
(Letrado da Asesoría Xurídica da Xunta).  
Dna. Isabel Catoira Lamela.  
(Avogado polo Colexio da provincia).

D. Teodoro Arribas Serrano  
(Xefe do Servicio de Montes e Industrias Forestais).

**VOCAIS REPRESENTANTES DA  
PARROQUIA DE MOURENTE DO  
CONCELLO DE PONTEVEDRA.**

D. Manuel Solla Tomé.  
D. José Carlos Morgade Martínez.

**VOCAIS REPRESENTANTES DA  
PARROQUIA DE BORA DO CONCELLO DE  
PONTEVEDRA.**

D. Adolfo J. Abeledo Moreira.  
D. José Couto Castro.

**SECRETARIA**

Dª. Mª José León Gómez.  
(Xefe do Servicio Técnico-Xurídico da Delegación de Medio Ambiente).

Na cidade de Pontevedra, sendo as dezasete horas do día dezanove de outubro do 2000, coa asistencia das persoas á marxe reseñadas, reúnese na 3ª planta do edificio sito no nº 47 da rúa Benito Corbal o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ó obxecto de decidir sobre a clasificación dos montes "Montecelo e Castrosenín" da parroquia de Mourente do concello de Pontevedra.

Por parte dos vocais representantes da parroquia de Mourente maniféstase a súa queixa por non ter sido convocados á reunión do Xurado no que o expediente de que se trata foi incluído na orde do día e incoado polo citado órgano colegiado, así como a reunión do mesmo órgano na que se nomeou Instructor do referido expediente.

**ANTECEDENTES DE FEITO**

**PRIMEIRO.-** Polo Presidente da Comunidade de Montes da parroquia de Mourente do concello de Pontevedra, solicitouse en data 20/09/96, a clasificación como veciñais en man común dos montes Montecelo e Castrosenín.

**SEGUNDO.-** O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais na súa reunión de data 04/06/97 acordou iniciar os trámites para a

clasificación dos referidos montes, interesando informe do Servicio Provincial do Catastro e, unha vez cumprimentado o mesmo, a remisión do expediente ó Servicio de Montes e Industrias Forestais da entóns Delegación Provincial de Agricultura, Gandería e Montes de Pontevedra, para o seu estudio e informe.

TERCEIRO.- Recibida con data 11/08/97 a información solicitada ó Catastro, remitiuse o expediente ó Servicio de Montes e Industrias Forestais o día 27/10/97, emitíndose o informe do citado Servicio con data 13/07/98.

CUARTO.- Posteriormente e de conformidade co artigo 21 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, solicitouse con data 16/07/98 a certificación de cargas ó correspondente Rexistro da propiedade, a cal foi recibida con data 27/08/98.

QUINTO.- O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais na súa reunión de data 22/07/98 acordou o nomeamento de D. Teodoro Arribas Serrano como Instructor do expediente de referencia, acordo que foi correctamente notificado ós interesados no expediente.

SEXTO.- Asímesmo, e con estricta observancia dos trámites previstos no artigo 23 do citado Decreto 260/1992, procedeuse á apertura do trámite de audiencia formulándose as alegacións que se consideraron oportunas.

SÉPTIMO.- Os montes Montecelo e Castrosenín, obxecto do presente expediente de clasificación, obedecen á seguinte descrición segundo a solicitude presentada:

CONCELLO: Pontevedra.

PARROQUIA: Mourente.

NOME DO MONTE: Montecelo.

CABIDA: 18 Has.

LINDES

NORTE: Fincas particulares.

SUR: Fincas particulares.

LESTE: Fincas particulares.

OESTE: Resto do monte clasificado.

NOME DO MONTE: Castrosenin.

CABIDA: 17 Has.

LINDES

NORTE: Fincas particulares.

SUR: Antena radiofónica e resto do monte.

LESTE: Fincas particulares e parroquia de Bora.

OESTE: Fincas particulares.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

1.- A Comunidade que demanda a presente clasificación ten xa clasificadas con data 11/12/81 sete parcelas que suman 27,9 Has das 48 Has. que se investigan no estudio previo e que inclúen a parcela nº 3 denominada Castrosenín donde se declaran 20,4 Has., e a nº 7 denominada Montecelo donde se clasifican 0,8 Has, tratándose da clasificación de dous montes que xa foron estudiados e clasificados en parte en data 11/12/81.

2.- Polo que afecta ó Monte "Castrosenín", estodiouse e clasificouse a parte sur, en concreto dende o Centro de Protección de Menores que quedou excluído, hacia o sur. Ó norte de dito centro e contiguo a él atópase situada outra parcela de dito monte que non se contemplou no estudio e clasificación do ano 1981.

Dentro do recinto do monte Castrosenín a clasificar como veciñal en man común existen:

1.-Instalacións de captación de auga: Tres instalacións de captación, consistentes en pozos dentro dos recintos pechados con peche de postes de formigón e alambrada, dos que parten tuberías enterradas que conducen as augas a sendos depósitos de formigón armado, dos que asimesmo parten tuberías enterradas, que conducen as augas a núcleos urbanos próximos, atravesando o monte e as propiedades particulares que o circundan, seguindo e baixando en dirección Oeste.

2.-Instalacións deportivas: Campo de fútbol pechado con tela metálica, con instalacións de iluminación e edificación de vestuarios, así como apertura de pista de acceso o mesmo con espacio acondicionado de entrada ó recinto.

3.- Liña eléctrica de alta tensión: Este monte a clasificar aparece atravesado por unha liña eléctrica de alta tensión, con dúas torretas de sustentación do tendido dentro do recinto do monte, e que aparecen indicados na planimetría aportada.

4.-Camiños e pistas: Este monte aparece atravesado por camiños e pistas de servidume e de saca de madeira, algúns aparecen indicados na planimetría que se aporta.

A superficie que abarca o campo de fútbol é de 0,7800 Has. e a correspondente ás tres captacións de auga entre peche e depósitos é de 0,2027 Has.

3.- Con relación ó monte Montecelo, no estudio e clasificación de data 11/12/81 incluíuse unha parcela de aproximadamente 0,8 Has. que se corresponde coa parte sur que actualmente non está ocupado polo Colexio Príncipe Felipe e Residencia Sanitaria Montecelo. Asímesmo, considérase que o monte Montecelo do cal se solicita a súa clasificación non cumpre o artigo 1 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, ó non aproveitarse na actualidade en réxime de comunidade sen asignación de cuotas polos membros da agrupación veciñal.

4.- En consideración ó exposto, e de conformidade co sinalado no artigo 1 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, así como no artigo 1 do decreto 260/1992, do 4 de setembro, cómpre entender por montes veciñais en man común "... os terreos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades productivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa cualidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e os veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cuotas, os membros daquelas na súa condición de veciños".

En consecuencia, vistos os preceptos legais e regulamentarios de xenérica e específica aplicación ó caso examinado, propónse polo Instructor e de maneira unánime o Xurado **ACORDA**:

**1º.-Clasificar como veciñal en man común o monte "Castrosenín"** por reunir os requisitos establecidos no artigo 1 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, correspondendose coa planimetría elaborada ó efecto polo Servicio de Montes e Industrias Forestais que forma parte inseparable da presente Resolución, e de acordo coa seguinte descripción:

NOME DO MONTE: **Castrosenín.**

CABIDA: **13,7080 Has.** En dita cabida figuran incluídas:

- Instalacións deportivas: Campo de fútbol: 0,7800 has.
- Captacións de auga: 3 captacións de auga que entre peche e depósitos supón: 0,2027 has.

LINDES:

NORTE: Estrada local a Bora, camiño de Castroverde a Bouza, que limita polo sur a propiedade de D<sup>a</sup> Ana Bugallo Cabada, D. Manuel Cachafeiro, D. Rogelio Fontán Sobral e outros.

SUR: Recinto do antigo Centro Tutelar de Menores, hoxe Cuartel dos Grupos Rurais da Garda Civil, monte e propiedades particulares de D. Alejandro Tomé Rodríguez, D. Benigno Ouzán Tomé, D. Benito Sanmartín, D<sup>a</sup> María Sanmartín, D. José Gómez Sanmartín, D. Manuel Ramallo Pintos e outros.

LESTE: Camiño que dende a estrada que vai a Bora, sube a Castro-Senín, e propiedades particulares de D. Enrique Sanmartín Fraga, D. Luciano Sanmartín Fraga, D<sup>a</sup> Rosa Riveiro Laje, D. Manuel Cendón Barcala, D. Manuel Ruibal Tomé, parroquia de Bora e outros.

OESTE: D. Manuel Cachafeiro, D. Rogelio Fontán Sobral, D<sup>a</sup> Isolina Veiga Cortegoso, D. Máximo Otero, D<sup>a</sup> Marina Sanmartín, D. José Gómez, D<sup>a</sup> Clara Castro Villaverde, D. Manuel Solla Tomé e outros.


## DESCRIPCIÓN DO PERÍMETRO.

Coménzase o percorrido pola parte norte e precisamente no punto do camiño que circunda o recinto C.P.M. (Centro de Protección de Menores, hoxe Garda Civil) onde comenza o muro de pedra que circunda as propiedades particulares; baixando en dirección oeste, polo nomeado muro de pedra que vai pechando as propiedades particulares, percorrendo uns 105 m., cruza un camiño que sube, seguindo baixando polo nomeado muro de pedra, percorrendo uns 90 m. ata atoparnos cun cambio de sentido en dirección norte, percorrendo uns 18 m. atravesando un camiño, aparece novamente outro muro de pedra que tomando dirección noroeste vai pechando as propiedades particulares ata chegar a un cruce de camiños percorridos uns 57 m.; tomando dirección norte segue muro de pedra pechando propiedades particulares e percorrendo uns 175 m. encontramos un camiño que baixa perto do muro e que penetra nas propiedades particulares, e precisamente neste punto, e a uns 4 m. do eixe do nomeado camiño, tomando dirección NLE, atopamos un marco grande (indicado no plano co nº 7) parte dunha molloeira que vai pechando as propiedades particulares; seguindo na mesma dirección NLE e a unha distancia duns 94 m. subindo, atópase o marco nº 6 preto dun camiño antigo; segue o peche por un antigo camiño que sube en dirección LE, e a unha distancia duns 158 m. atópase o marco nº 5; tomando dirección NO, baixando atópanse os marcos números 4, 3, 2 e 1 percorrendo unha distancia total de 297 m.; faise constar asímesmo que o marco nº 4 aparece arrancado e tirado no chan, manifestando os representantes da comunidade que asistiron ó apeo, que o nomeado marco encontrase no seu sitio; o marco nº 1 aparece medio enterrado, preto dun muro de pedra que comenza a pechar as propiedades particulares, facéndose constar que aparece sinalado cun poste de formigón armado, preto do mesmo; a partir deste punto e sempre seguindo muro de pedra de peche de propiedades, o mesmo vai tomando distintas direccións percorrendo un total de 716 m. ata encontrarnos co camiño de Castroverde a Bouza e Mourente; seguindo a nomeada estrada e en dirección LE, segue pechando esta ata atopar a que conduce a Bora e enlace coa de Pontevedra-Ourense, sendo a distancia percorrida neste tramo de 174 m.; séguese pola estrada nomeada que vai a Santa María de Bora, e na mesma dirección LE, percorrendo 134 m. ata encontrar un camiño que parte en dirección S., subindo e percorrendo uns 170 m. ata encontrar novamente o muro que vai pechando as propiedades particulares, percorrendo unha distancia de 277 m. ata encontrar de novo o camiño que sube; sube polo camiño ata encontrarnos cunha curva pechada, onde se atopa novamente cun muro de pedra sendo esta distancia percorrida de 112 m.; séguese subindo polo nomeado muro de pedra de propiedades particulares preto dunha torreta da L.A.T. e un antigo cruceiro (ámbolos dous dentro do monte) que aparecen indicados no plano, ata chegar a encontrarse cun camiño que vai a Corbal (parroquia de Bora) e que aparece cortado pola liña que divide coa parroquia de Santa María de Bora, resultando un percorrido de 154 m.; cruza o camiño en dirección SO pola liña parroquial ata encontrar un novo muro de pedra que pecha as propiedades, percorrendo unha distancia de 30 m. preto deste muro encontrase o marco parroquial onde cambia de dirección o SLE a nomeada liña; séguese polo muro de pedra de peche das propiedades nunha distancia de 170 m.; toma de novo dirección SO, atravesando camiño, ata o peche do recinto do C.P.M. nunha distancia

de 13 m.; seguindo o peche do recinto, ata encontrarnos co punto de partida do apeo, resultando ata este punto unha distancia perimetral do peche do recinto de 343 m.; resultando finalmente que o perímetro do peche do monte a clasificar é de 3.295 metros.

**2º.-Non clasificar como veciñal en man común o monte "Montecelo" por non aproveitarse na actualidade en réxime de comunidade sen asignación de cuotas polos membros da agrupación veciñal.**

Contra a presente Resolución que poñe fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo ante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto nos artigos 109 e 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento Administrativo Común, e nos artigos 8 e 46 da lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.





Handwritten signatures in blue ink, including a large signature in the center and several smaller ones around it.

**DILIXENCIA:**


Para facer constar que sendo as trece horas e coarenta minutos do día trece de decembro do dous mil, ante mí, María José León Gómez, Secretaria do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, comparecen D. Manuel Solla Tomé e D. José Carlos Morgade Martínez, na calidade de Presidente e Secretario, respectivamente, da Comunidade de Montes en Man Común da parroquia de Mourente do concello de Pontevedra, e como Vocais representantes da citada Comunidade na reunión do Xurado Provincial celebrada o día 19 de outubro do 2000 na que se resolveu o expediente para a clasificación co carácter de veciñal en man común dos montes "Montecelo e Castrosenin", manifestando a súa negativa á sinatura da Resolución adoptada en relación co expediente de referencia por non estar conformes cos termos da mesma.

E para que así conste, asinan a presente no lugar e data sinalados no encabezamento.



CLASIFICACION DO MONTE NOMEADO CASTRO-SENIN (NORTE) COMO  
VECINAL EN MAN COMUN DOS VECIÑOS DE SANTA MARIA DE  
MOURENTE, DO CONCELLO DE PONTEVEDRA.

### 3. PLANTA XERAL



**SUPERFICIE = 13,7080 Has.**

**ESCALA 1:2.000**

**PONTEVEDRA, 19 DE OUTUBRO DO 2.000**

**TEODORO ARRIBAS SERRANO**

**CONSELLERÍA DO SERVICIO DE MONTES**



### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

*ORDE do 28 de outubro de 2013 pola que se aproba o deslindamento total do monte veciñal en man común da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Mourente, no concello de Pontevedra.*

Examinado o expediente de deslindamento total dos montes veciñais en man común da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Mourente (en diante CMVMC) e tendo en conta os seguintes

Antecedentes.

Primeiro. Os montes rexistrados a nome da comunidade de montes de Mourente son os seguintes: monte Pedreira, Amproa, Castro ou Senín, Vilaverde, Montinho, Freixeiro, Montecelo, clasificado no ano 1981 cunha cabida de 27,90 ha; monte Castrosenín, clasificado no ano 2000 cunha cabida de 13,71 ha; monte Cachadeiras, clasificado no ano 2003 e cunha cabida de 0,20 ha; e monte Campo de Cons e monte das Ceñas, clasificado no ano 2004, e cunha cabida de 2,31 ha.

Segundo. O 26.2.2008, o entón director xeral de Montes e Industrias Forestais autorizou que se realizase o deslindamento total dos montes veciñais en man común dos veciños da parroquia de Mourente, no concello de Pontevedra.

No *Diario Oficial de Galicia* núm. 67, do 8.4.2008 publicouse o Edicto do 28.2.2008 polo que se anuncia o comezo do deslindamento do monte veciñal en man común dos veciños da parroquia de Mourente, concello de Pontevedra. Do mesmo xeito, en cumprimento do artigo 98 do Decreto 485/1962, do 22 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de montes, as operacións de deslindamento notificáanse ás persoas interesadas ás que este fai referencia, contendo as notificacións as mesmas previsións que as fixadas no Edicto do 28.2.2008.

No xa citado edicto, fíxase o 15.7.2008 como día para o comezo das operacións de deslindamento, emprázase aos estremeiros e ás persoas que puideran ter un interese lexítimo para que asistan ao acto e dáse un prazo de 45 días naturais desde a publicación deste anuncio para que, os que se consideren con dereito á propiedade do monte ou parte del, e os estremeiros que desexen acreditar o que poida corresponderlles, presenten os documentos pertinentes.



Terceiro. Un total de 89 persoas interesadas presentaron documentación relativa ao dereito de propiedade, en cumprimento do artigo 97 do Decreto 485/1962. Esta documentación foi remitida ao Gabinete Xurídico Territorial de Pontevedra, para que procedese á súa cualificación, de acordo co disposto no artigo 100 do Decreto 485/1962, do 22 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de montes. O citado gabinete emitiu informes sobre a documentación presentada e clasificou os documentos achegados en dous grupos.

Unha vez recibidos os informes do Gabinete Xurídico o enxeñeiro operador emitiu informe sobre clasificación de predios e dereitos que foron aprobados polo xefe de Servizo de Montes co fin de cumprir o establecido no artigo 103 do Decreto 485/1962, do 22 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de montes.

Finalmente solicitouse ao Rexistro da Propiedade que estendese anotación preventiva nos predios daqueles propietarios incluídos nos grupos C) e D) no informe do enxeñeiro operador.

Cuarto. Para cumprir o Edicto do 28.2.2008, a que se fai referencia no antecedente primeiro, o 15.7.2008 iniciouse a realización do apeo das estremas do monte.

Para a realización do apeo, tívose en consideración o disposto na Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, que atribúe a propiedade á comunidade veciñal correspondente, en tanto non exista sentenza firme en contra.

Apeáronse un total de 10 montes: Castrosenín, Peneirada (3 parcelas), Montinho, As Ceñas, Cachadeiras (4 parcelas), Freixeiro (3 parcelas), Amproa, Montecelo (6 parcelas), Cons (6 parcelas) e Vilaverde (2 parcelas), e situáronse un total de 561 piquetes, 539 na liña principal e 22 en liñas auxiliares e en parcelas non propostas.

A superficie total apeada foi de 44,02 ha, das cales 29,36 ha corresponden a Castrosenín, 1,61 ha a Peneiradas, 0,50 ha a Montinho, 0,60 ha As Ceñas, 0,15 ha a Cachadeiras, 5,82 ha a Amproa, 2,42 ha a Montecelo, 1,80 ha a Cons, 0,46 ha a Freixeiro e 1,30 ha a Vilaverde. O perímetro total percorrido foi de 16.076 metros.

Os traballos de apeo en campo da liña de deslindamento concluíron o 19 de outubro de 2009.

Quinto. O 17.3.2010 o enxeñeiro operador emitiu informe relativo ao deslindamento total do monte veciñal en man común da comunidade de montes de Mourente, no concello de Pontevedra.



No dito informe fixo constar que os montes descritos na primeira clasificación a favor da parroquia de Mourente o día 11.12.1981 non se localizan nos lugares indicados no esbozo da carpeta-ficha e que os ditos enclaves non son terreos comunais. Non obstante, da información da investigación realizada e facilitada pola comunidade propietaria, os montes apeados son os que refire a clasificación.

Dos 10 montes deslindados apeáronse 28 parcelas, das cales algunhas foron apeadas por petición da Comunidade. O enxeñeiro operador propón no seu informe a aprobación directa de 17 parcelas dos 10 montes: monte Castrosenín cunha cabida de 29,26 ha; monte Peneirada: parcela 1 de 1,5 ha e a parcela 3 de 0,10 ha de cabida; monte Montiño de 0,50 ha; monte das Ceñas cunha cabida de 0,60 ha, monte Cachadeiras: parcela 1 de 0,04 ha e a parcela 2 de 0,08 ha; monte Amproa con 5,80 ha de cabida; monte Montecelo: parcela 1 de 1,63 ha; monte de Cons: parcela 1 de 0,18 ha, parcela 2 de 0,32 ha, parcela 3 de 0,84 ha e parcela 4 de 0,35 ha; monte Freixeiro: parcela 1 de 0,25 ha e parcela 2 de 0,18 ha; e monte Vilaverde: parcela 1 de 0,37 ha e parcela 2 de 0,58 ha.

O enxeñeiro operador propón non incluír no deslindamento as seguintes parcelas: Peneirada 2; Cachadeiras 3 e 4; Montecelo 2, 3, 4, 5 e 6; Cons 5 e 6 e Freixeiro 3 ao entender que non teñen un aproveitamento veciñal en réxime xermánico desde tempo inmemorial demostrado, ou por entender este que non se encontran dentro da correspondente clasificación como monte veciñal en man común. Respecto ás parcelas Montecelo 2, 3 e 4, estas foron excluídas polo enxeñeiro operador argumentando que teñen a clasificación de solo urbano, entendendo por isto que non poden estar clasificadas.

Para cumprir o artigo 119 do Decreto 485/1962, do 22 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de montes, o enxeñeiro operador remite, xunto co informe, o expediente completo ao Servizo de Montes de Pontevedra co fin de proseguir coa tramitación do expediente.

Sexto. Para cumprir o disposto nos artigos 120 e 121 do xa citado Decreto 485/1962, publicouse no *Diario Oficial de Galicia* núm. 92, do 18.5.2010, o Edicto do 21.4.2010 da Xefatura Territorial de Pontevedra, polo que se anuncia a apertura do período de vista e reclamacións, no presente expediente de deslindamento, dando, para tales efectos, un prazo de 15 días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación do edicto, e se lle notifica ás persoas interesadas.

Durante o período de vista presentaron reclamacións as seguintes persoas interesadas: José Ferreira Carballo, Benito Piay Mirón, Pilar Juncal Reboredo, Lucía Pazos Diz e a Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Mourente.



As alegacións obtiveron o informe do 15.11.2010 polo Gabinete Xurídico Territorial e, exceptuando as presentadas pola Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Mourente, que se entende que xa foron tidas en conta polo enxeñeiro operador, o resto carecían de apoio documental ou eran apreciacións subxectivas.

Sétimo. O 10.2.2011 o xefe do Servizo de Montes de Pontevedra solicitou un informe ao Gabinete Xurídico Territorial sobre as parcelas Montecelo 2, 3 e 4, que foron apeadas, pero non se incluíron na proposta do enxeñeiro operador. Con base no dito informe, o xefe do Servizo de Montes de Pontevedra considerou que as ditas parcelas deben incluírse na proposta de resolución do deslindamento.

O 20.7.2013 o xefe do Servizo de Montes de Pontevedra, para cumprir o artigo 125 do Decreto 485/1962, do 22 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de montes, emitiu informe relativo ao deslindamento total do monte veciñal en man común da comunidade de montes de Mourente, no concello de Pontevedra.

O 30.9.2013 o secretario xeral de Medio Rural e Montes propuxo a aprobación do deslindamento total do dito monte veciñal en man común.

Consideracións legais e técnicas.

Primeira. De acordo co disposto nos reais decretos 167/1981, do 19 de xaneiro; 1706/1982, do 24 de xullo, e 1535/1984, do 20 de xuño, sobre transferencias de funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza, no Decreto 13/2012, do 4 de xaneiro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 46/2012, do 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e do Mar, a conselleira do Medio Rural e do Mar é competente para ditar esta orde.

Segunda. O Servizo de Montes de Pontevedra é competente para levar adiante este deslindamento, cumpridas todas as prescricións legais canto á publicidade, notificación e demais requisitos exixidos nos artigos 82 ao 125 do Regulamento de Montes aprobado polo Decreto 485/1962, do 22 de febreiro.

Terceira. As resolucións do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común atribúen a propiedade destes ás comunidades veciñais, en tanto non exista sentenza firme en contra, ditada pola xurisdición ordinaria, segundo determina o artigo 30 do Decre-



to 260/1992, polo que se aproba o regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Tendo en conta os preceptos legais citados e demais de xeral aplicación e o informe e proposta do xefe do Servizo de Montes de Pontevedra, esta conselleira, por proposta da Secretaría Xeral do Medio Rural e Montes,

DISPÓN:

Primeiro. Aprobar o deslindamento total do monte veciñal en man común da comunidade de montes de Mourente, no concello de Pontevedra (Pontevedra), de acordo coas actas, rexistro topográfico e plano que figuran no expediente, así como coa descrición perimetral. A cabida total do monte veciñal é de 42,94 hectáreas, sen encravamentos dentro do seu perímetro, e queda integrado polos seguintes montes: Castrosenín, Peneirada 1, Peneirada 3, Montiño, As Ceñas, Cachadeiras 1, Cachadeiras 2, Amproa, Montecelo 1, Montecelo 2, Montecelo 3, Montecelo 4, Campo de Cons 1, Campo de Cons 2, Campo de Cons 3, Campo de Cons 4, Freixeiro 1, Freixeiro 2, Vilaverde 1 e Vilaverde 2.

A descrición dos montes deslindados é a seguinte:

– Monte Castrosenín.

Lindeiro norte: comeza no piquete núm. 204 do apeo e avanza con orientación leste ata o piquete núm. 6 en liña quebrada. Estremeiros neste tramo: propietarios particulares. Do piquete núm. 6 ao piquete núm. 15 o deslindamento toma dirección norte ata o piquete núm. 15. Estremeiros neste tramo: propietarios particulares. Do piquete núm. 15 ao piquete núm. 26 o apeo toma dirección leste. Estremeiros neste tramo: camiño de Bouza a Carabelos e estrada asfaltada con dirección á parroquia de Bora.

Lindeiro leste: comeza no piquete núm. 4 e avanza en dirección sur ata o núm. 31. Estremeiro: camiño de terra. Do núm. 31 ao núm. 47 describe unha poligonal cóncava desde o leste con dirección tamén sur. Estremeiros: propietarios particulares. Do núm. 47 ao núm. 51 avanza con dirección sur por camiño de terra. Do núm. 51 ao núm. 58 rodea unha propiedade particular. E desde o núm. 58, e continuando con dirección predominante sur, avanza polo límite parroquial entre Bora e Mourente ata o piquete núm. 76 respectando as propiedades particulares que se introducen nestes límites.



Lindeiro sur: comeza no piquete núm. 76 e discorre en liña poligonal con entrantes e saíntes ata o piquete núm. 133 con dirección predominante noroeste, estremando con propiedades particulares.

Lindeiro oeste: discorre desde o piquete núm. 133 ata o núm. 204, en dirección predominante norte, en liña poligonal cóncava desde o oeste e desde os piquetes núm. 133 ao núm. 158, dirección predominante norte desde o núm. 158 ao núm. 160, desde este circunda a propiedade do concello de Pontevedra cedida ao Ministerio do Interior ata o núm. 173. Desde o núm. 173 ao núm. 190 describe una poligonal convexa desde o oeste, para terminar con outra poligonal cóncava desde o oeste do piquete núm. 190 ao núm. 204. Estremeiros neste tramo oeste: propietarios particulares.

Cabida total do monte Castrosenín: 29,26 ha.

Encravamentos: non hai.

– Monte Peneirada 1.

Lindeiro norte: comeza no piquete núm. 7 ata o piquete núm. 15 máis ou menos con orientación predominante leste en liña quebrada cóncava desde o sur. Estremeiros: estrada asfaltada a Bora e propietarios particulares.

Lindeiro leste: desde o piquete núm. 15 o núm. 23 con dirección predominante sur en liña quebrada convexa desde o leste. Estremeiros: propietarios particulares e parroquia de Bora.

Lindeiro sur: desde o piquete núm. 23 ata o piquete núm. 2 en poligonal triangular con vértice no piquete núm. 25, e dirección predominante oeste. Estremeiros: parroquia de Bora e estrada asfaltada a Bora.

Lindeiro oeste: comprende desde o piquete núm. 2 ata o núm. 7 en poligonal con dirección norte. Estremeiros: estrada asfaltada a Bora.

Cabida total do monte Peneirada 1: 1,50 ha.

Encravamentos: non hai.

– Monte Peneirada 3.

Lindeiro norte: discorre do piquete núm. 33 ao núm. 34 en dirección noroeste. Estremeiro: estrada asfaltada.



Lindeiro leste: desde o piquete núm. 34 ao núm. 30 con dirección sueste. Estremeiro: estrada asfaltada a Bora.

Lindeiro sur: vai desde o piquete núm. 30 ao núm. 33 en dirección oeste. Estremeiro: propietario particular.

Lindeiro oeste: vai desde o piquete núm. 31 ao núm. 33 en dirección noroeste. Estremeiro: propietario particular.

Cabida total do monte Peneirada 3: 0,10 ha.

Encravamentos: non hai.

– Monte Montinho.

Lindeiro norte: comeza no piquete núm. 7 ata o núm. 10 con dirección leste. Estremeiro: estrada asfaltada a Condesea.

Lindeiro leste: vai desde o piquete núm. 10 ao núm. 12 en dirección sueste. Estremeiro: estrada asfaltada a Condesea.

Lindeiro sur: comprende desde o piquete núm. 12 ao piquete núm. 16, en dirección oeste do núm. 12 ao núm. 14 e noroeste desde o núm. 14 ao núm. 16. Estremeiros: propietarios particulares.

Lindeiro oeste: discorre desde o piquete núm. 16 ata o núm. 7. Con dirección primeiro oeste e logo noroeste. Estremeiros: propietarios particulares.

Cabida total do monte Montinho: 0,50 ha.

Encravamentos: non hai.

– Monte As Ceñas.

Lindeiro norte: discorre desde o piquete núm. 14 ata o núm. 18 con dirección predominante leste. Estremeiro: carreiro de terra de acceso a terreo particular.

Lindeiro leste: vai desde o piquete núm. 18 ata o núm. 2, con dirección predominante sur, pero formando unha poligonal triangular co vértice no piquete núm. 1. Estremeiros: carreiro de terra e propietario particular.



Lindeiro sur: discorre entre os piquetes núm. 2 e núm. 8 con dirección primeiro sudoeste ata o núm. 4 e logo oeste-noroeste ata o núm. 8. Estremeiros neste tramo: propietarios particulares.

Lindeiro oeste: discorre desde o piquete núm. 8 ata o núm. 14 con dirección predominante norte en liña quebrada. Estremeiros: propietarios particulares e camiño de terra de acceso a terreos e depósitos de augas de formigón.

Cabida total do monte As Ceñas: 0,60 ha.

Encravamentos: non hai.

– Monte Cachadeiras 1.

Lindeiro norte: discorre entre os piquetes núm. 1 e núm. 2 en dirección sueste. Estremeiros: dominio público da estrada nacional N-541.

Lindeiro leste: vai desde o piquete núm. 2 ao núm. 4 en dirección. Estremeiro: estrada asfaltada cara á parroquia de Bora.

Lindeiro sur: discorre entre os piquetes núm. 4 e núm. 7 en dirección oeste en liña poligonal. Estremeiros: camiños asfaltados a Bora e entrada a terreos particulares.

Lindeiro oeste: comprende o traxecto entre os piquetes núm. 7 e núm. 1 con dirección norte-noroeste. Estremeiro: propietario particular.

Cabida total do monte Cachadeiras 1: 0,04 ha.

Encravamentos: non hai.

– Monte Cachadeiras 2.

Lindeiro norte: discorre entre os piquetes núm. 2 e núm. 4 con dirección sueste. Estremeiro: dominio público da estrada nacional N-541.

Lindeiro leste: comprende o trazado entre o piquete núm. 4 e o núm. 5 en dirección sudoeste. Estremeiro: propiedades particulares.



Lindeiro sur: vai desde o piquete núm. 5 ata o núm. 1. En liña poligonal con dirección noroeste. Estremeiro: camiño veciñal asfaltado.

Lindeiro oeste: discorre entre os piquetes núm. 1 e núm. 2 en dirección norte-noroeste. Estremeiro: estrada asfaltada con dirección á parroquia de Bora.

Cabida total do monte Cachadeiras 2: 0,08 ha.

Encravamentos: non hai.

– Monte Amproa.

Lindeiro norte: discorre entre os piquetes núm. 22 e núm. 27 en liña poligonal con dirección sueste. Estremeiros: propietario particular e dominio público hidráulico do río Lérez.

Lindeiro oeste: vai desde o piquete núm. 27 ata o piquete núm. 45, en liña quebrada con dirección case sur. Estremeiros: propietarios particulares.

Lindeiro sur: comprende o trazado desde o piquete núm. 45 ata o piquete núm. 9, con dirección predominante noroeste en liña quebrada. Estremeiros: dominio público da estrada nacional N-541 e propietarios particulares.

Lindeiro leste: discorre entre os piquetes núm. 9 e núm. 22, en liña poligonal quebrada con dirección predominante noroeste. Estremeiros: propietarios particulares e camiño sen asfaltar.

Cabida total do monte Amproa: 5,82 ha.

Encravamentos: non hai.

– Monte Montecelo 1.

Lindeiro norte: comeza no piquete núm. 15 do apeo e avanza en dirección leste en liña quebrada ata o piquete núm. 24. Estremeiros neste tramo: propietarios particulares.

Lindeiro leste: discorre entre os piquetes núm. 24 e o núm. 34 en dirección primeiro sur e logo leste. Estremeiros: Instituto Príncipe Felipe e propietarios particulares.



Lindeiro sur: discorre entre os piquetes núm. 24 e o núm. 34 en dirección primeiro sur e logo leste. Estremeiros: estrada asfaltada de subida ao Príncipe Felipe e propietarios particulares.

Lindeiro oeste: vai desde o piquete núm. 1 ata o núm. 15 con dirección norte-noroeste en liña quebrada. Estremeiros: propietarios particulares.

Cabida total do monte Montecelo: 1,63 ha.

Encravamentos: non hai.

– Monte Montecelo 2.

Lindeiro norte: comeza no piquete núm. 4 ata o núm. 7 a través da beirarrúa da estrada que sobe ao Instituto Príncipe Felipe.

Lindeiro leste: discorre entre os piquetes núm. 7 ao núm. 1 en dirección sur. Estremeiro: propietario particular.

Lindeiro sur: comeza no piquete núm. 1 nunha pedra prismática de 40 cm e avanza ata o piquete núm. 3 pola estrada asfaltada PO-532.

Lindeiro oeste: vai desde o piquete núm. 3 ata o núm. 4 subindo en dirección norte ata a estrada que sobe ao Instituto Príncipe Felipe.

Cabida total do monte Montecelo 2: 0,17 ha.

Encravamentos: non hai.

– Monte Montecelo 3.

Lindeiro norte: comeza no piquete núm. 1 ata o núm. 2 a través da estrada PO-532.

Lindeiro leste: discorre entre os piquetes núm. 2 e o núm. 5 en dirección sur. Estremeiro: propietario particular.

Lindeiro sur: comeza no piquete núm. 5 e discorre a través da rúa das Olivas en dirección oeste ata o piquete núm. 7.



Lindeiro oeste: vai desde o piquete núm. 7 ata o núm. 1 seguindo un valo de pedra en dirección norte. Estremeiro: Promociones y Obras Montecelo, S.L.

Cabida total do monte Montecelo 3: 0,14 ha.

Encravamentos: non hai.

– Monte Montecelo 4.

Lindeiro norte: comeza no piquete núm. 1, na intersección entre a rúa das Olivas e a rúa de Abaixo, ata o núm. 2 a través da rúa das Olivas.

Lindeiro leste: discorre entre os piquetes núm. 2 e núm. 3 en dirección sur.

Lindeiro sur: comeza no piquete núm. 3 situado nun valo ata o piquete núm. 4, e discorre a través do muro. Estremeiro: propietario particular.

Lindeiro oeste: vai desde o piquete núm. 4 ata o núm. 1 seguindo a rúa de Abaixo en dirección norte.

Cabida total do monte Montecelo 4: 0,03 ha.

Encravamentos: non hai.

– Monte Campo de Cons 1.

Lindeiro norte: comeza no piquete núm. 7 do deslindamento ata o núm. 9 con dirección leste. Estremeiro: propietario particular e camiño asfaltado.

Lindeiro leste: discorre entre os piquetes núm. 9 e núm. 1 en dirección sur. Estremeiro: camiño asfaltado de acceso a terreos particulares.

Lindeiro sur: vai desde o piquete núm. 1 ata o núm. 3 en dirección practicamente oeste. Estremeiro: estrada asfaltada.

Lindeiro oeste: discorre desde o piquete núm. 3 ata o núm. 7 con dirección maioritariamente norte. Estremeiros: propietarios particulares.

Cabida total do monte Campo de Cons 1: 0,18 ha.

Encravamentos: non hai.

CVE-DOG: shu6olw0-vat6-l5l3-j7r9-fmnv5g6yag19



– Monte Campo de Cons 2.

Lindeiro norte: discorre desde o piquete núm. 6 ao piquete núm. 8, en dirección leste.  
Lindeiros: propietarios particulares.

Lindeiro leste: comeza polo piquete núm. 8 ata o núm. 1 en dirección sur. Estremeiros: Casino Mercantil de Pontevedra.

Lindeiro sur: vai desde o piquete núm. 1 ata o núm. 3. Con dirección sueste e oeste.  
Estremeiros: estrada asfaltada a Vista Real e entrada asfaltada a propiedade particular.

Lindeiro oeste: discorre desde o piquete núm. 3 ata o núm. 7 con dirección norte-nordés.  
Estremeiros: propietarios particulares.

Cabida total do monte Campo de Cons 2: 0,32 ha.

Encravamentos: non hai.

– Monte Campo de Cons 3.

Lindeiro norte: discorre entre os piquetes núm. 8 ata o núm. 12, primeiro en dirección leste-nordés e logo en dirección sur-sueste. Estremeiros: estrada asfaltada a condesa e Granxa Vista Real, S.A.

Lindeiro leste: comeza no piquete núm. 12 ata o núm. 20 con dirección sudoeste en liña quebrada. Estremeiros: propietario particular e camiño de terra de acceso a terreos particulares.

Lindeiro sur: discorre entre os piquetes núm. 20 e núm. 24 en dirección sur ata o núm. 22 logo noroeste ata o núm. 23 e despois dirección nordés ata o núm. 24. Estremeiros neste tramo: propietario particular, estrada asfaltada do Pazo a Cons a Condese.

Lindeiro oeste: vai desde o piquete núm. 24 ata o núm. 8 en dirección nordés fundamentalmente, circundando a propiedade do concello de Pontevedra. Estremeiros: estrada asfaltada a Condese e concello de Pontevedra.

Cabida total do monte Campo de Cons 3: 0,84 ha.

Encravamentos: non hai.



– Monte Campo de Cons 4.

Lindeiro norte: comeza no piquete núm. 4 e vai ata no núm. 1. Con dirección leste. Estremeiro: estrada asfaltada.

Lindeiro leste: vai desde o piquete núm. 1 ata o núm. 2. Con dirección sudoeste. Estremeiros: estrada de Cons a Condesa.

Lindeiro sur: discorre entre os piquetes núm. 2 e núm. 3 no cruzamento de estradas asfaltadas con dirección a Cons de Abaixo e a Condesa.

Lindeiro oeste: estrada no piquete núm. 3 e termina no núm. 4. Con dirección predominante norte. Estremeiros: estrada asfaltada a Cons de Abaixo.

Cabida total do monte Campo de Cons 4: 0,35 ha.

Encravamentos: non hai.

– Monte Freixeiro 1.

Lindeiro norte: vai desde o piquete núm. 5 ata o núm. 6 en dirección nordés e do núm. 6 ata o núm. 7 en dirección sudoeste. Estremeiros: propietario particular e estrada asfaltada de Barcia a Freixeiro.

Lindeiro leste: discorre entre os piquetes núm. 6 e núm. 9 con dirección sudoeste. Estremeiros: estrada de Barcia a Freixeiro.

Lindeiro sur: discorre entre os piquetes núm. 9 e núm. 1 con dirección oeste-noroeste. Estremeiro: parroquia de Marcón.

Lindeiro oeste: comeza no piquete núm. 1 e chega ata o núm. 5 con dirección nordés. Estremeiros: propietarios particulares.

Cabida total do monte Freixeiro 1: 0,25 ha.

Encravamentos: non hai.



– Monte Freixeiro 2.

Lindeiro norte: comeza no piquete núm. 6 ata o núm. 2 con dirección leste. Estremeiros: propietarios particulares.

Lindeiro leste: discorre desde o piquete núm. 2 ata o núm. 4 (catro prima), en dirección sur. Estremeiros: propietario particular.

Lindeiro sur: vai desde o piquete núm. 4 ata o núm. 5 en dirección noroeste. Estremeiros: parroquia de Marcón.

Cabida total do monte Freixeiro 2: 0,18 ha.

Encravamentos: non hai.

– Monte Vilaverde 1.

Lindeiro norte: vai desde o piquete núm. 2 ao núm. 3, en dirección sueste. Estremeiros: propietario particular.

Lindeiro leste: discorre entre os piquetes núm. 3 e o núm. 7 en dirección predominante sueste en poligonal cóncava desde o nordés: Estremeiro: propietario particular.

Lindeiro sur: abrangue a marxe da estrada asfaltada de Vilaverde a Marcón entre os piquetes núm. 7 e o núm. 1. Estremeiros: estrada de Vilaverde a Marcón.

Lindeiro oeste: discorre entre os piquetes núm. 1 e núm. 2, en dirección nordés. Estremeiro: propietario particular.

Cabida total do monte Vilaverde 1: 0,37 ha.

Encravamentos: non hai.

– Monte de Vilaverde 2.

Lindeiro norte: comeza no piquete núm. 11 e vai ata o núm. 1, en dirección predominante leste seguindo a marxe da estrada asfaltada de Vilaverde a Marcón. Estremeiro: estrada de Vilaverde a Marcón.



Lindeiro leste: discorre entre os Piquetes núm. 1 e núm. 4, en dirección sudoeste. Estreitos: propietario particular.

Lindeiro sur: vai desde o piquete núm. 4 ata o núm. 7, en dirección primeiro ata o núm. 6 en dirección sudoeste, e logo do núm. 6 ao núm. 7 en dirección norte. Estreitos: propietario particular e estrada asfaltada de Vilaverde a Montecelo.

Lindeiro oeste: discorre entre os piquetes núm. 7 e o núm. 11 con dirección noroeste. Estreitos: estrada asfaltada de Vilaverde a Montecelo.

Cabida total do monte Vilaverde 2: 0,58 ha.

Encravamentos: non hai.

– Servidumes.

A maior parte dos montes pertencentes á comunidade de montes veciñais en man común de Mourente teñen camiños e pistas de servizo, así como tendidos eléctricos e telefónicos.

– Ocupacións.

Hai que destacar as ocupacións existentes no monte Castrosenín consistentes nunha antena de telefonía, un recinto cedido a Radio Pontevedra e diversas captacións de augas, unha delas con nave e depósitos.

Segundo. Que se cancele total ou parcialmente calquera inscrición rexistral en tanto sexa contraditoria coa descrición dos montes: Castrosenín, Peneirada 1, Peneirada 3, Montiño, As Ceñas, Cachadeiras 1, Cachadeiras 2, Amproa, Montecelo 1, Montecelo 2, Montecelo 3, Montecelo 4, Campo de Cons 1, Campo de Cons 2, Campo de Cons 3, Campo de Cons 4, Freixeiro 1, Freixeiro 2, Vilaverde 1 e Vilaverde 2.

Terceiro. Desestimar as reclamacións presentadas por José Ferreiroa Carballo, Pilar Juncal Reboredo, Benito Piay Mirón, Lucía Pazos Diz e pola comunidade de montes de Mourente. O motivo para desestimar as reclamacións presentadas por José Ferreiroa Carballo, Pilar Juncal Reboredo e Benito Piay Mirón é que, segundo informa o Gabinete Xurídico Territorial de Pontevedra, se trata de simples manifestacións reivindicativas de dereitos reais sobre determinadas parcelas afectadas polo deslindamento carentes de apoio documental e título lexítimo, non existindo ningunha proba con fundamento que faga des-



merecer o deslindamento proposto polo enxeñeiro operador. O motivo para desestimar a reclamación presentada por Lucía Pazos Diz en representación da comunidade de montes de Castro-Lampán, é que se trata dunha mera apreciación subxectiva que non achega nin un mínimo argumento de porqué o quebro que o enxeñeiro operador fai dos piquetes é incongruente. O motivo para desestimar as reclamacións presentadas pola comunidade de montes de Mourente é que, segundo informa o Gabinete Xurídico Territorial de Pontevedra, as consideracións feitas xa foron tidas en conta polo enxeñeiro operador.

Cuarto. Declarar expresamente que, no referente ás reclamacións de propiedade, a presente resolución esgota a vía administrativa e deixa expedita a xudicial civil.

Quinto. Que se notifiquen os novos datos resultantes da descrición do monte ao Rexistro Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra.

Sexto. Que se inmatricule o monte coas características resultantes no rexistro da propiedade.

Sétimo. Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*. Os interesados poderán interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, con carácter potestativo, no prazo dun mes ante a conselleira do Medio Rural e do Mar, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses de acordo co disposto nos artigos 109 e 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e nos artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Ambos os dous prazos computaranse desde o día seguinte ao da recepción da notificación persoal polos interesados, ou ao da publicación para os que non puideren ser notificados persoalmente.

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2013

Rosa María Quintana Carballo  
Conselleira do Medio Rural e do Mar

CVE-DOG: shu6olw0-vat6-l5l3-j7r9-fmrv5g6yag19





OBSERVACIONS :

Atendendo á disposición transitoria segunda do RD. 1071/2007, de 27 de xullo, pola que se regula o sistema xeodésico de referencia en España, a produción cartográfica realízase en ED50 contendo a referencia ETRS89, «UTM Fuso 29».

Asdo:

O xefe do servizo de Montes  
Enrique Martínez Chamorro

Asdo:

O xefe da sección de Topografía  
Alberto Acevedo López



TRABALLO : DESLINDE  
PERTENZA : C.M.V.M.C. DE MOURENTE  
CONCELLO : PONTEVEDRA

TITULO DO PLANO: PLANO XERAL DA PROPOSTA DEFINITIVA DE DESLINDE  
DATA : XULLO-2013 ESCALA: 1:5.000 Plano: 11

**VI. ANUNCIOS****A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

*ANUNCIO do 3 de outubro de 2025, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, polo que se publica o acordo de aceptación de revisión do esbozo do monte veciñal denominado Pedreira, Amproa, Castro de Senín, Villaverde, Montinho, Freixeiro e Montecelo (ID2954), Monte Castrosenín (ID4558), Monte Cachadeiras (ID2972) e Monte Campo de Cons e Monte das Ceñas (ID2978) da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Mourente, no concello de Pontevedra (expediente RE24006).*

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra acordou na súa reunión do 23.7.2025 aceptar a revisión do esbozo e a cartografía actualizada dos montes Pedreira, Amproa, Castro de Senín, Villaverde, Montinho, Freixeiro e Montecelo (ID2954), Monte Castrosenín (ID4558), Monte Cachadeiras (ID2972) e Monte Campo de Cons e Monte das Ceñas (ID2978), realizada polo Servizo de Montes de Pontevedra, con base nos seguintes feitos e consideracións técnicas.

Antecedentes e consideracións técnicas:

Primeiro. Con data do 17.6.2024, a CMVMC de Mourente (Pontevedra) solicitou a revisión do esbozo dos MVMC Pedreira, Amproa, Castro de Senín, Villaverde, Montinho, Freixeiro e Montecelo (ID2954), Monte Castrosenín (ID4558), Monte Cachadeiras (ID2972) e Monte Campo de Cons e Monte das Ceñas (ID2978). Por ese motivo, en aplicación da disposición transitoria décimo terceira da Lei de montes de Galicia, o 26.6.2024, o Xurado acordou solicitar ao Servizo de Montes unha proposta coa revisión do esbozo e a elaboración da cartografía actualizada dos montes veciñais citados, o que deu lugar ao expediente RE24006 no Servizo de Montes de Pontevedra.

Segundo. Logo da análise da documentación achegada coa solicitude, o Servizo de Montes emitiu informe o 13.5.2025 en que expón que:

– O obxecto da revisión é actualizar as resolucións de clasificación dos montes deslindados mediante a Orde do 28 de outubro de 2013 pola que se aproba o deslindamento total do monte veciñal en man común da CMVMC de Mourente (Pontevedra) (DOG núm. 215,



do 11 de novembro), co obxecto da súa matriculación no Rexistro da Propiedade. As resolucións de clasificación obxecto de deslindamento son as indicadas a seguir:

– Monte Pedreira, Amproa, Castrosenín, Villaverde, Montinho, Freixeiro, Montecelo, clasificado o 11.12.1981 cunha cabida de 27,90 ha.

– Monte Castrosenín, clasificado o 19.10.2000 cunha cabida de 13,71 ha.

– Monte Cachadeiras, clasificado o 20.2.2003 cunha cabida de 0,20 ha.

– Monte Campo de Cons e monte das Ceñas, clasificado o 28.10.2004 cunha cabida de 2,31 ha.

– Non consta contrato de xestión coa Consellería do Medio Rural.

– A CMVMC de Mourente dispón dun documento de ordenación forestal inscrito no Rexistro de Montes Ordenados de Galicia co núm. 360048 e vixente ata 2032.

– A CMVMC de Mourente ten outros montes veciñais clasificados con posterioridade ao deslindamento citado: O Casal, Peimouros, A Poza do Frade, O Canto do Regueiro, Valdapalla, Cons 5, Cons 6, Cons 7 e Cons 8.

– Consta a adquisición posterior ao deslindamento do monte Castro do Millo e outros en virtude do artigo 57 da Lei de montes de Galicia.

– Consta expediente de expropiación da Deputación Provincial de Pontevedra (PO-01-EXP/25) para a construción da rolda leste. Tramo PO-542 (Ponte Bora-O Pino) e PO-532 (Pontevedra-Ponte Caldelas). Acceso a Montecelo e Príncipe Felipe (Pontevedra).

– A planimetría, superficies e lindes dos montes deslindados corresponden cos indicados na resolución de aprobación do deslindamento do ano 2013 (DOG núm. 215, do 11 de novembro). A correspondencia entre os montes das resolucións de clasificación do Xurado Provincial e os montes deslindados é a que se indica a seguir:

– Resolución de clasificación do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra do 11.12.1981:

| Monte resolución | Superficie resolución (ha) | Nome monte deslindamento   | Superficie deslindamento (ha) | Referencia catastral             |
|------------------|----------------------------|----------------------------|-------------------------------|----------------------------------|
| Núm. 1 Pedreira  | 1,00                       | Peneirada 1<br>Peneirada 3 | 1,50<br>0,10                  | 36900A13800087<br>36900A13700068 |



| Monte resolución   | Superficie resolución (ha) | Nome monte deslindamento                                 | Superficie deslindamento (ha) | Referencia catastral                                                   |
|--------------------|----------------------------|----------------------------------------------------------|-------------------------------|------------------------------------------------------------------------|
| Núm. 2 Amproa      | 4,00                       | Amproa                                                   | 5,82                          | 36900A16800768                                                         |
| Núm. 3 Castrosenín | 20,40                      | Castrosenín (sur)                                        | 15,48                         | 36900A13300175*                                                        |
| Núm. 4 Villaverde  | 0,50                       | Villaverde 1<br>Villaverde 2                             | 0,37<br>0,58                  | 36900A12600317<br>36900A12500257                                       |
| Núm. 5 Montinho    | 0,60                       | Montinho                                                 | 0,50                          | 36900A16600290                                                         |
| Núm. 6 Freixeiro   | 0,60                       | Freixeiro 1<br>Freixeiro 2                               | 0,25<br>0,18                  | 36900A12400147<br>36900A12300565                                       |
| Núm. 7 Montecelo   | 0,80                       | Montecelo 1<br>Montecelo 2<br>Montecelo 3<br>Montecelo 4 | 1,42<br>0,17<br>0,14<br>0,03  | 36900A11800045**<br>1572104NG3917S<br>1571906NG3917S<br>1669201NG3916N |

\*Parte sur da referencia catastral (superficie total 29,26 ha).

\*\*A superficie deslindada da parcela Montecelo 1 é de 1,63 ha. No ano 2015, a Deputación Provincial de Pontevedra expropia 0,21 ha (PO-01-EXP/25). Na actualidade, a parcela Montecelo 1 ten unha superficie de 1,42 ha.

– Resolución de clasificación do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra do 19.10.2000:

| Monte resolución | Superficie resolución (ha) | Nome monte deslindamento | Superficie deslindamento (ha) | Referencia catastral |
|------------------|----------------------------|--------------------------|-------------------------------|----------------------|
| Castrosenín      | 17,7080                    | Castrosenín (norte)      | 13,78                         | 36900A13300175*      |

\* Parte norte da referencia catastral (superficie total 29,26 ha).

– Resolución de clasificación do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra do 20.2.2003:

| Monte resolución | Superficie resolución (ha) | Nome monte deslindamento       | Superficie deslindamento (ha) | Referencia catastral             |
|------------------|----------------------------|--------------------------------|-------------------------------|----------------------------------|
| Cachadeiras      | 0,20                       | Cachadeiras 1<br>Cachadeiras 2 | 0,04<br>0,08                  | 36900A13800143<br>36900A13900223 |

– Resolución de clasificación do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra do 28.10.2004:

| Monte resolución | Superficie resolución (ha) | Nome monte deslindamento | Superficie deslindamento (ha) | Referencia catastral |
|------------------|----------------------------|--------------------------|-------------------------------|----------------------|
| Cons 1           | 0,21                       | Campo de Cons 1          | 0,18                          | 2299006NG3929N       |
| Cons 2           | 0,35                       | Campo de Cons 2          | 0,32                          | 36900A16000573       |



| Monte resolución | Superficie resolución (ha) | Nome monte deslindamento | Superficie deslindamento (ha) | Referencia catastral |
|------------------|----------------------------|--------------------------|-------------------------------|----------------------|
| Cons 3           | 0,89                       | Campo de Cons 3          | 0,84                          | 36900A16600402       |
| Cons 4           | 0,34                       | Campo de Cons 4          | 0,35                          | 2398001NG3929N       |
| Ceñas            | 0,52                       | As Ceñas                 | 0,60                          | 36900A16800275       |

Terceiro. O Servizo de Montes propón a revisión do esbozo total consonte a Orde do 28 de outubro de 2013 pola que se aproba o deslindamento total do monte veciñal en man común da CMVMC de Mourente (DOG núm. 215, do 11 de novembro), e coa correspondencia establecida no punto segundo deste acordo.

Cuarto. O procedemento de revisión de esbozos de MVMC vén regulado na disposición transitoria décimo terceira da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

A vista do exposto, este xurado

#### ACORDA:

– Aceptar a revisión do esbozo total dos montes que se indican no punto segundo deste acordo, segundo a proposta e planimetría elaborada polo Servizo de Montes.


Tal e como exige o parágrafo 3 da disposición transitoria décimo terceira da LMG, a presente aceptación da revisión de esbozo será posta en coñecemento da comunidade de montes propietaria e publicada no DOG para coñecemento do resto de posibles persoas interesadas.

Pontevedra, 3 de outubro de 2025

Antonio Crespo Iglesias  
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación  
de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra



As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código:  
Código: GIS0692600 https://sede.xunta.gal/cve



| Resolución de clasificación do Xurado de MVMC de Pontevedra do 11.12.1981; ID2954 |                     |                           |                      |     |
|-----------------------------------------------------------------------------------|---------------------|---------------------------|----------------------|-----|
| Monte resolución                                                                  | Nome monte deslinde | Superficie deslinde (has) | Referencia catastral | N.º |
| Núm.1. Pedreira                                                                   | Peneirada 1         | 1,50                      | 36900A13800087       | 1   |
|                                                                                   | Peneirada 3         | 0,10                      | 36900A13700068       | 2   |
| Núm.2. Amproa                                                                     | Amproa              | 5,82                      | 36900A16800768       | 3   |
| Núm.3. Castro o Senín                                                             | Castrosenín (Sur)   | 15,48                     | 36900A13300175       | 4   |
| Núm.4. Villaverde                                                                 | Vilaverde 1         | 0,37                      | 36900A12600317       | 5   |
|                                                                                   | Vilaverde 2         | 0,58                      | 36900A12500257       | 6   |
| Núm.5. Montaña                                                                    | Montaña             | 0,5                       | 36900A16600290       | 7   |
| Núm.6. Freixeiro                                                                  | Freixeiro 1         | 0,25                      | 36900A12400147       | 8   |
|                                                                                   | Freixeiro 2         | 0,18                      | 36900A12300565       | 9   |
| Núm.7. Montecelo                                                                  | Montecelo 1         | 1,42                      | 36900A11800045       | 10  |
|                                                                                   | Montecelo 2         | 0,17                      | 1572104NG39175       | 11  |
|                                                                                   | Montecelo 3         | 0,14                      | 1571906NG39175       | 12  |
|                                                                                   | Montecelo 4         | 0,03                      | 1669201NG3916N       | 13  |
| Resolución de clasificación do Xurado de MVMC de Pontevedra do 19.10.2000; ID4558 |                     |                           |                      |     |
| Monte resolución                                                                  | Nome monte deslinde | Superficie deslinde (has) | Referencia catastral | N.º |
| Castrosenín                                                                       | Castrosenín (Norte) | 13,78                     | 36900A13300175       | 14  |
| Resolución de clasificación do Xurado de MVMC de Pontevedra do 20.02.2003; ID2972 |                     |                           |                      |     |
| Monte resolución                                                                  | Nome monte deslinde | Superficie deslinde (has) | Referencia catastral | N.º |
| Cachadeiras                                                                       | Cachadeiras 1       | 0,04 has                  | 36900A13800143       | 15  |
|                                                                                   | Cachadeiras 2       | 0,08 has                  | 36900A13900223       | 16  |
| Resolución de clasificación do Xurado de MVMC de Pontevedra do 28.10.2004; ID2976 |                     |                           |                      |     |
| Monte resolución                                                                  | Nome monte deslinde | Superficie deslinde (has) | Referencia catastral | N.º |
| Cons 1                                                                            | Campo de Cons 1     | 0,18                      | 2299006NG3929N       | 17  |
| Cons 2                                                                            | Campo de Cons 2     | 0,32                      | 36900A16000573       | 18  |
| Cons 3                                                                            | Campo de Cons 3     | 0,84                      | 36900A16600402       | 19  |
| Cons 4                                                                            | Campo de Cons 4     | 0,35                      | 2398001NG3929N       | 20  |
| Ceñas                                                                             | As Ceñas            | 0,6                       | 36900A16800275       | 21  |